

## ÁREA SEGURIDADE E MANTEMENTO

### 13 INTERIOR



ARASAAG - 2

#### Respecto aos Regulamentos:

Establecemento de festivos locais o **xoves da Coca** e o **martes do Entroido**.

Creación dun **Regulamento de Acollementos Cívicos** (presentación dos nenos e nenas á sociedade).

Deixar de mesturar as institucións políticas e relixiosas, **non participando a Corporación Municipal**, como tal, nas **manifestacións de índole relixiosa**; de acordo co art. 16.3 da Constitución: "Ningunha confesión terá carácter estatal."

Garantir "... a protección do dereito dos demais ao exercicio das súas liberdades públicas e dereitos fundamentais." (art. 3 L.O. 7/1980), "... non sendo obrigado a practicar actos de culto, ou a recibir asistencia relixiosa contraria as súas conviccións persoais." (art. 2b L.O. 7/1980), **non permitindo a difusión**, mediante **megafonía**, de ningún tipo de evento ou cerimonia relixiosa, agás no caso puntual de festas patronais ou eventos nos que se exceda o aforo dos espazos dedicados ao culto.

Aprobación dun **Regulamento das subvencións nominativas** e excepcionais do Concello de Redondela.

#### Respecto aos Rexistros:

Estudo da **ampliación do Portelo Único** do Rexistro do Concello (o que existe na actualidade só afecta aos documentos dirixidos á Xunta), asinando un convenio coa Administración do Estado, que permita a tramitación da documentación dirixida a Facenda, Seguridade social, e outros ministerios.

#### Respecto á Policía Local:

Tomar medidas para solucionar as necesidades de persoal e de medios da Policía Local. Estudo da creaci  
on dunha oficina da **Policía Local en Chapela**.

#### Respecto ao SPEIS, GRUMIR e Protección Civil:

Establecemento dun **Convenio de bombeiros** obrigatorio por lei, público e de calidade que garanta a seguridade dos veciños.

Estudo da situación "excepcional e de necesidade urxente" pola que está a pasar o **Servizo de emerxencias e Protección Civil**, para atopar fórmulas que permitan manter un servizo as 24h, os 365 días do ano.

Actualizar, aprobar e executar o PEMU (Plan de Emerxencias Municipal).

#### Respecto aos Recursos Humanos:

Dotación dos **medios** apropiados para que o traballo desenvolvido polo persoal do Concello sexa eficiente.

Cumprimento da legalidade en canto a **Prevención de Riscos Laborais** en tódolos centros de traballo dependentes da Administración Local.